

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**Órgano: DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E ATENCIÓN SOCIO SANITARIA**

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")	

SUMARIO:

ORDE do 10 de xullo de 2026, pola que se regulan as bases que rexerá o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior, para os anos 2026 e 2027 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS212A).

TEXTO:

De acordo co artigo 50 da Constitución española, os poderes públicos garantirán, mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica dos cidadáns durante a terceira idade. Así mesmo, e con independencia das obrigas familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer.

O artigo 148.1º.20 da Constitución española establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias, entre outras, en materia de asistencia social. Ao amparo do devandito precepto, o artigo 27.23º do Estatuto de autonomía de Galicia, atribúelle a esta Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de servizos sociais.

Neste marco competencial, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Entre outros aspectos, a Lei regula a forma na que se prestarán os servizos sociais, permitíndolles ás persoas físicas e xurídicas privadas, sexa de iniciativa social ou de carácter mercantil, a posibilidade de crear centros de servizos sociais, así como xestionar programas e prestacións desta natureza, de conformidade co establecido polo lexislador e, en todo caso, cumprindo os requisitos de calidade e demais condicións que estableza a normativa reguladora dos servizos sociais de Galicia.

Así mesmo, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, contempla, no seu artigo 3 como obxectivos do sistema galego de servizos sociais garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia así como prever a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección.

No artigo 4 da citada lei enumera como principios xerais dos servizos sociais, entre outros, a prevención, a equidade e equilibrio territorial e a autonomía persoal e vida independente. Desta forma, as políticas de servizos sociais débense orientar a prever e superar as causas que orixinen as necesidades sociais, dando prioridade ás accións preventivas, constituíndo unha obriga dos poderes públicos facilitar os medios necesarios para que as persoas dispoñan das condicións máis adecuadas e dos apoios necesarios para desenvolver os seus proxectos vitais, dentro da unidade de convivencia que desexen, segundo a natureza dos servizos, a súa idoneidade e as condicións de utilización dos mesmos, sempre con respecto da libre decisión das persoas.

Por outra banda, coa aprobación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, creouse o Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), coa finalidade principal de garantir as condicións básicas e de protección destinadas á promoción da autonomía persoal e a atención das necesidades das persoas con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria, prestacións dentro do sistema de servizos sociais.

Neste contexto normativo, o desenvolvemento da rede de centros e servizos sociais ten que ter presente a necesidade de compensar os desequilibrios territoriais, garantindo o acceso aos sistemas de benestar social das galegas e galegos que residan en áreas con altas taxas de envellecemento e dispersión, mediante unha oferta equitativa e equilibrada de servizos en todo o territorio.

As casas do maior preséntanse como proxectos alternativos cando na contorna non existan recursos de atención para este colectivo ou cando o internamento en institucións non sexa desexado, procurando o mantemento no medio social habitual coa finalidade de que as citadas experiencias poidan garantir a futura posta en marcha de xeito eficiente de servizos de atención en pequenos grupos, de maneira flexible e con garantías de seguridade e calidade.

Desta forma aténdese, por unha banda, o benestar de coidadores familiares, ao fin de contribuír a diminuír a carga dos coidados e a favorecer que a permanencia das persoas en situación de dependencia na súa contorna se realice nas mellores condicións de equidade no acceso a recursos de proximidade, con independencia do lugar onde residan, e por outra banda

foméntase a prevención das situacións de dependencia en persoas maiores que aínda gozan de autonomía, paliando así mesmo as situacións de illamento social que sofre gran parte deste colectivo.

Neste marco de actuación, esta convocatoria busca fomentar de xeito específico a posta en marcha de novos proxectos nos anos 2026 e 2027.

Os proxectos de casas do maior perfílanse como unha fórmula destinada a contribuír na atención e prevención da dependencia para manter e mellorar a calidade de vida das persoas maiores de 60 anos en situación de dependencia reconducíndose de xeito específico ás recoñecidas co grao I, así como para persoas maiores de 60 anos sen dependencia, como recurso de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal. Comprenderá a atención específica das súas necesidades básicas de alimentación, hixiene e tempo libre, de forma que se procure o mantemento no medio social habitual evitando o internamento en outro tipo de recursos cando non sexa demandado ou cando non existan preto do seu domicilio habitual.

Ademais, impúlsase e apóiase a prestación destes servizos de atención ás persoas maiores mediante fórmulas de autoemprego e de economía social, que demostraron ser eficaces para a dinamización económica local e, consecuentemente, para a fixación de poboación ao territorio.

De conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndelle a esta consellería entre outras funcións propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais.

Esta orde de convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE L, do 15 de decembro).

En consecuencia, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta orde ten como obxectivo o establecemento das bases reguladoras e proceder á convocatoria de subvencións destinadas a persoas físicas ou cooperativas de traballo asociado, para a posta en marcha de casas do maior nos anos 2026 e 2027.

2. As subvencións destinaranse á consecución da seguinte finalidade:

A posta en marcha de casas do maior destinadas á atención de mulleres e homes maiores de 60 anos de idade, en situación de dependencia grao I, e para persoas maiores de 60 anos sen dependencia, como recurso de promoción da autonomía persoal, mediante o seu establecemento nos concellos de menos de 5.600 habitantes da Comunidade Autónoma de Galicia que non contén con recurso de atención diúrna en funcionamento.

A efectos da presente orde, considerase que no concello existen recursos de atención diúrna cando, de acordo cos datos que figuran no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais adscrito á Consellería de Política Social e Igualdade, contén con centros de día ou centros de día de alzhéimer con permiso de actividades.

3. A concesión das subvencións establecidas nesta orde regularanse a través do procedemento BS212A: subvencións para a posta en marcha de casas do maior.

Artigo 2. *Características dos proxectos*

1. A casa do maior, perfílase como unha fórmula de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal destinada a contribuír á atención e prevención da dependencia para manter e mellorar a calidade de vida das persoas maiores de 60 anos en situación de dependencia, reconducíndose de xeito específico ás recoñecidas no grao I, así como para persoas maiores de 60 anos sen dependencia.

Non poderán ser persoas usuarias aquelas que precisen de atención e coidados sanitarios continuados ou sufran enfermidades infecto-contaxiosa en fase activa sen tratamento efectivo instaurado, trastornos aditivos que precisen dun tratamento de deshabitación ou trastornos condutuais severos que impidan a normal convivencia na casa.

O servizo que se preste ás persoas usuarias comprenderá a atención diúrna específica das súas necesidades básicas de alimentación, hixiene e tempo libre, de forma que se procure o seu mantemento no medio social habitual evitando o internamento noutro tipo de recursos cando non sexa demandado ou cando non existan preto do seu domicilio habitual.

Deseñárase e organizárase un ambiente e trato familiar, no que se dea resposta ás necesidades derivadas da idade e da situación de dependencia das persoas usuarias, co fin de evitar e /ou atrasar a institucionalización de persoas maiores, reducindo a súa dependencia e illamento sociais.

2. A atención diúrna prestada ás persoas usuarias comprende a manutención, a hixiene, o desenvolvemento de actividades de lecer e/ou adestramento cognitivo.

As persoas usuarias da casa do maior decidirán voluntariamente se fan uso do servizo de manutención. As persoas físicas ou cooperativas de traballo promotoras da casa do maior poderán facturar por este servizo un máximo de 7 euros por persoa e día, sempre que se realizase un servizo completo. A estes efectos, con anterioridade ao ingreso na casa do maior, deberán informar ás persoas usuarias das condicións esenciais deste.

Así mesmo, se a persoa física ou cooperativa de traballo promotora da casa do maior opta por engadir o servizo de desprazamento das persoas usuarias ata esta, percibirá unha axuda adicional da Xunta de Galicia, a razón de 10 euros por persoa e día. A estes efectos, deberá achegar unha declaración responsable na que manifeste a súa vontade de prestar o servizo de desprazamento, no caso de que as persoas usuarias quixeran facer uso del.

3. Estes proxectos teñen, sen prexuízo do establecido para o servizo de manutención, carácter gratuíto e prestaranse de luns a venres durante todo o ano, excepto os días festivos e un mes de cada doce, no que a casa do maior permanecerá pechada por vacacións.

O mes de vacacións poderá fraccionarse en dous períodos. Excepcionalmente, cando por causas de forza maior, xustificadamente e de acordo coas persoas usuarias, se demanden períodos vacacionais de duración inferior, deberanse solicitar previamente á Consellería de Política Social e Igualdade e contar coa autorización desta.

4. Salvo as excepcións previstas no número anterior a casa do maior debe manterse en funcionamento ininterrompidamente durante todo o ano, polo que é necesario contar cunha persoa que substitúa á persoa encargada do desenvolvemento da actividade, no caso de enfermidade desta ou calquera outro motivo da súa ausencia temporal, agás causas imprevisibles e inevitables.

Considerarase causa imprevisible e inevitable a enfermidade repentina da persoa encargada do desenvolvemento da actividade, o falecemento ou hospitalización dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Neste caso a persoa profesional encargada do desenvolvemento da actividade porá dispor de tres días hábiles anuais.

5. As persoas maiores usuarias poderán acudir ao centro un máximo de oito horas diarias nun horario flexible que se pactará coa persoa profesional encargada do desenvolvemento da actividade. En función do horario establecido, servirase a comida, o almorzo e/ou a merenda, segundo proceda.

6. Cada casa do maior terá un máximo de 5 prazas.

As persoas maiores que acudan á casa do maior deberán estar en todo caso empadroadas no concello no que esta se situara ou nun limítrofe que non conte con servizos de atención diúrna a persoas maiores.

7. Para acceder ao financiamento previsto nesta convocatoria é necesario que se atenda a un mínimo de 1 e un máximo de 5 persoas maiores.

A estes efectos, non se terá en conta o período de tempo que transcorra para a adxudicación da praza á persoa usuaria, así como o establecido entre a notificación da adxudicación desta e a ocupación efectiva dela.

8. O período mínimo de permanencia da actividade empresarial subvencionada será de 5 anos a contar desde a data de posta en marcha da casa do maior.

A estes efectos, entenderase como data de posta en marcha a data de resolución de concesión da axuda concedida ao abeiro desta convocatoria ou a data de cumprimento de todos os requisitos e condicións previstos nesta orde nos casos de concesión condicionada.

Exceptúanse deste requisito aqueles supostos nos que causas de forza maior allea á vontade da persoa promotora da casa do maior impidan o desenvolvemento da actividade nas condicións establecidas nos números anteriores.

Artigo 3. *Financiamento*

1. A contía máxima destinada ás axudas reguladas na presente orde é de 537.296,80 euros, segundo a seguinte distribución:

Aplicación	2026	2027	Importe total
orzamentaria			
08.05.312E.770.0	150.000,00 €	-	150.000,00 €
08.05.312E.470.0	9.296,80 €	378.000,00 €	387.296,80 €
Total	159.296,80 €	378.000,00 €	537.296,80 €

2. A partida 08.05.312E.770.0 (código de proxecto 2018-00048) destinarase ao financiamento de gastos de investimento e a partida 08.05.312E.470.0 (código de proxecto 2018-00048) destinarase ao financiamento da prima polo desenvolvemento do proxecto e o servizo de desprazamento das persoas usuarias.

3. De conformidade co previsto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, excepcionalmente poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, no seu caso, previa aprobación da modificación orzamentaria que procede. A ampliación do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria, sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 4. Persoas beneficiarias das axudas económicas

1. Poderán ser beneficiarias das axudas da presente convocatoria as persoas físicas que se establezan como empresarios autónomos ou que constitúan cooperativas de traballo asociado, como promotoras da posta en marcha dunha casa do maior, que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión ou contar, polo menos, cunha persoa socia que o estea, no caso de cooperativas de traballo asociado, de calquera das titulacións que se recollen a continuación, ou equivalentes, ou da formación ou experiencia seguinte:

1º Licenciatura ou grao en medicina.

2º. Licenciatura ou grao en psicoloxía.

3º. Máster, experto ou especialista en psicoxerontoloxía.

4º. Diplomatura ou grao en enfermmería.

5º. Título de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, polo que se establece o título de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería e as correspondentes ensinanzas mínimas, ou os títulos equivalentes de Técnico

Auxiliar Clínica, Técnico Auxiliar Psiquiatría e Técnico Auxiliar de Enfermería que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, polo que se desenvolven determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

6º. Título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o título de técnico de atención a persoas en situación de dependencia e se fixan as súas ensinanzas mínimas, ou o título equivalente de Técnico de Atención Sociosanitaria, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

7º. Título de Técnico Superior en Integración Social, establecido polo Real decreto 1074/2012, do 13 de xullo, polo que se establece o título de Técnico Superior en Integración Social e se fixan as súas ensinanzas mínimas, ou o título equivalente para aqueles profesionais que, á data de publicación da presente convocatoria, se atopen traballando na categoría profesional de asistente persoal ou auxiliar de axuda a domicilio.

8º. O Certificado de Profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional Servizos socioculturais e á comunidade que se engaden no Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

9º. O Certificado de Profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente Certificado de Profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

10º. Diploma que acredite a realización de cursos de formación integral e/ou complementaria para futuros profesionais da casa do maior. O curso terá unha duración de 30 horas e será impartido pola Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria.

b) Residir en concellos con menos de 5.600 habitantes que non dispoñan de recursos de atención diúrna a persoas maiores, nos que se promova o establecemento da casa do maior, ou telo feito nos cinco anos anteriores á posta en marcha do proxecto.

c) Contar cun inmovble en condicións de accesibilidade nunha das poboacións mencionadas na letra anterior, ou dispoñer del con anterioridade á posta en marcha da casa do maior.

O inmovble deberá contar coas condicións arquitectónicas, de deseño e construción, que garantan o cumprimento das normas en vigor, especialmente o código técnico da edificación e as súas esixencias básicas. Así mesmo, estará dotado do seguintes recursos:

1º Instalación de auga corrente. Os centros disporán de auga corrente procedente da rede de abastecemento público ou de calquera outra fonte que cumpra a normativa técnico-sanitaria vixente.

2º Sistema de calefacción que cubra todas as estancias dedicadas ao desenvolvemento da actividade subvencionada e conte coa protección de elementos calefactores precisa para evitar as queimaduras por contacto ou outros riscos para a integridade das persoas maiores.

3º Estancias que deberán dispoñer de ventilación e iluminación natural.

Exceptúanse destes requisitos os cuartos de baño, nos que a ventilación pode ser natural ou forzada.

4º Unha zona para a preparación, almacenamento e conservación de alimentos dotada cos elementos necesarios para prestar o servizo de manutención.

5º Unha zona de comedor habilitada para o efecto.

6º Unha zona diferenciada para o descanso e a hixiene que deberá contar:

6º.1 Cunha sala de estar para a realización de actividades individuais ou grupais, que posibilibite a convivencia e a participación social. A súa superficie nunca será inferior a 12,5 metros cadrados e deberá dispoñer de iluminación e ventilación natural.

6º.2 Como mínimo con dous servizos hixiénicos diferenciados, un para cada sexo e contarán cunha dotación mínima de lavabo e inodoro. Un dos servizos hixiénicos deberá contar cunha ducha. Deberán estar dotados de axudas técnicas en paredes e sanitarios, así como timbre de chamada con conexión ás zonas comúns. O chan será antiescorregadizo e de doada limpeza e as portas terán un dispositivo fácil de peche e apertura.

Ambas zonas deberán estar situadas preferiblemente en planta baixa ou planta primeira con fácil acceso ao exterior e ser accesibles.

7º Barras, axudas e timbre, que faciliten a accesibilidade ás persoas usuarias da casa do maior.

8º Zonas de acceso axeitadas ás persoas usuarias de andador e cadeiras de rodas, así como axeitadas ao servizo de transporte adaptado.

9º Un mobiliario e equipamento que permita a cobertura das necesidades e características específicas das persoas maiores usuarias.

10º Dispoñer dun plan de actuación coas persoas maiores para atender eventuais emerxencias que se poidan producir na casa do maior.

d) Acreditar unha revisión médica anual da persoa promotora ou á/s persoa/s socia/s que desenvolvan o proxecto, no caso de cooperativa de traballo asociado.

e) Dispoñer dun certificado de manipulador de alimentos. No caso de cooperativas de traballo asociado este certificado deberá estar referido á/s persoa/s socia/s que desenvolvan o proxecto.

2. No caso de posta en marcha de dúas casas do maior nun mesmo inmovble poderán compartir acceso de entrada, a zona de preparación de alimentos e os servizos hixiénicos diferenciados.

3. En relación ás persoas promotoras da casa do maior ou á/s persoa/s socia/s que desenvolvan o proxecto, no caso de cooperativa de traballo asociado, os requisitos establecidos na letra a) do número 1, a excepción do ordinal 10º, así como o certificado médico acreditativo do estado de saúde establecido na letra d) do número 1 deberán cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

En canto ao requisito establecido na letra a) do número 1, ordinal 10º, a persoa promotora da casa do maior ou á/s persoa/s socia/s que desenvolvan o proxecto, no caso de cooperativa de traballo asociado deberá comprometerse, mediante a emisión dunha declaración responsable nos termos previstos no artigo 10, á súa realización nun prazo máximo de 4 meses dende a entrada en vigor da presente orde.

O resto dos requisitos previstos no número 1 deberán acreditarse no prazo de dous meses desde a recepción da resolución de concesión da subvención.

Todos os requisitos previstos no número 1 deberán manterse durante o período de permanencia da actividade.

Respecto das cooperativas de traballo asociado, de non estar constituídas no momento de presentación da solicitude, deberán ter iniciados os trámites para a súa constitución con

anterioridade á súa presentación. Neste caso, deberán achegar coa solicitude a documentación acreditativa correspondente aos estatutos, a solicitude de cualificación previa destes ou a solicitude de inscrición no Rexistro de Sociedades Cooperativas. No caso de cambio de persoa socia que desenvolva o proxecto con posterioridade á adxudicación da axuda, a nova persoa socia que desenvolva o proxecto debe reunir os mesmos requisitos que a persoa incluída na solicitude de axuda como promotora do proxecto e que foi obxecto de valoración segundo os criterios establecidos no artigo 14.

Así mesmo, as persoas promotoras da casa do maior deberán acreditar mediante declaración responsable, que non están incursas en ningunha das causas de prohibición previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiarias das subvencións reguladas ao abeiro desta orde.

Artigo 5. Accións e gastos subvencionables

1. Será subvencionables ao amparo desta convocatoria os gastos necesarios, especificados na solicitude, para a prestación da atención individualizada ás persoas maiores de 60 anos, en situación de dependencia grao I, e das persoas maiores de 60 anos sen dependencia, como recurso de prevención desta e promoción da autonomía persoal, nas condicións previstas no artigo 3.

2. Así mesmo, serán subvencionables os gastos destinados á adaptación e/ou obras de reforma do inmovible destinada a servir de casa do maior, así como o seu equipamento e dotación material nos termos previstos no artigo 4.1.c).

3. O mobiliario, electrodomésticos e materiais didácticos poderán ser de segunda man, sempre que estean en perfecto estado de uso e conste unha declaración de quen os vende sobre a orixe dos bens, que estes non foron obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria, e que o prezo non sexa superior ao valor de mercado ou ao custe dos bens novos similares, acreditándose estes requisitos do prezo mediante certificación de taxación independente.

4. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. Así mesmo, deberán estar realizados e pagados con data límite de 10 de decembro de 2026.

5. Os gastos periciais para a realización do proxecto serán subvencionables se están directamente relacionados coa actividade e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

6. En ningún caso serán considerados gastos subvencionables os xuros debedores das contas bancarias, os xuros, recargos e sancións administrativas e penais, os gastos de procedementos xudiciais, os impostos e/ou taxas derivadas da obtención de licencias municipais, nin os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

7. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para o contrato menor, a persoa promotora da casa do maior deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

Artigo 6. Tipos de axudas e contías

As axudas económicas destinadas á posta en marcha das casas do maior consistirán:

a) Axudas para gastos de investimento que consistirán nunha subvención de ata o 100% destes, cun límite máximo global por cada casa do maior de 15.000 euros. Consideraranse gastos de investimento, aqueles nos que a persoa promotora da casa do maior incorra para a reforma e adaptación da vivenda destinada a prestar este servizo, así como o seu equipamento e dotación material sempre que sexan necesarios.

b) A axuda polo desenvolvemento das actividades do proxecto que consistirá nunha achega económica en forma de prima destinada a apoiar esta iniciativa emprendedora ao comezo da súa andaina que se liquidará nos termos previstos no artigo 21.

Na anualidade 2026 esta axuda acadará un máximo de 769,68 € correspondente aos últimos oito días do mes decembro, e na anualidade 2027 esta axuda acadará un importe máximo de 25.400,00 €. Estes importes minoraranse proporcionalmente en función dos meses efectivos de funcionamento.

c) Adicionalmente, no caso de que as persoas promotoras da casa do maior optaran por asumir o desprazamento das persoas usuarias, percibirán 10 euros por persoa e día. A estes efectos deberán acreditar o número de persoas usuarias deste servizo mediante a cobertura do anexo VII.

d) Nos casos de baixa por maternidade ou permiso de paternidade da persoa encargada do desenvolvemento da actividade aboarase un complemento da prima de 150,00 € semanais durante o período que dure a dita baixa.

e) Nos casos de baixa de longa duración da persoa encargada do desenvolvemento da actividade non incluídos na letra d), aboarase un complemento da prima de 150,00 € semanais a partir da terceira semana da baixa cun límite de catro semanas. Este complemento poderase solicitar só unha vez ao ano por casa do maior.

Artigo 7. Procedemento e réxime de aplicación

1. O procedemento de concesión das subvencións para a posta en marcha de casas do maior, tramitarase en réxime de concorrència competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

2. Estas axudas ampáranse no réxime de *minimis* establecido no Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE L, do 15 de decembro). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión. Por tanto, de recibir a persoa promotora da casa do maior outras axudas baixo o réxime de *minimis* deberase garantir que non se superou o límite de 300.000 euros durante os tres anos previos.

Artigo 8. Concorrència con outras axudas ou subvencións públicas

1. A percepción destas axudas será compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

2. No caso de percibirse outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente á execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao amparo desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrència con subvención ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo do

investimento ou dos gastos de mantemento da actividade.

4. As persoas solicitantes promotoras da casa do maior cumprimetarán a declaración responsable relativa as axudas e subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas que figura no modelo normalizado de solicitude (anexo I), o cal terán que volver enviar actualizado sempre que varíe a situación inicialmente declarada.

Artigo 9. *Solicitudes e prazo de presentación*

1. As solicitudes de subvencións reguladas nesta orde presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario dispoñible (anexo I) na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

2. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta Orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fóra inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non houbera día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

4. Se a solicitude non reúne algún dos requisitos esixidos nestas bases reguladoras, o órgano responsable da tramitación requirirá ás persoas interesadas para que, nun prazo de dez días hábiles a partir do día seguinte á notificación do requirimento, emenden a falta ou presenten os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixeren, teranse por desistidas da súa petición, previa correspondente resolución, nos termos previstos polo artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

5. A presentación da solicitude implica a aceptación das bases.

Artigo 10. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas nas axudas para a posta en marcha de casas do maior deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) De ser o caso, copia da documentación acreditativa de estar en posesión de calquera das titulacións ou das formacións recollidas no artigo 4.1.a) ordinais 8º e 9º. No caso de cooperativas de traballo asociado, esta documentación deberá estar referida á/s persoa/s socia/s que desenvolvan o proxecto.

En relación co curso de formación ao que fai referencia o artigo 4.1.a) ordinal 10º, a persoa interesada non estará obrigada a achegar documento acreditativo da súa realización, podendo a Administración comprobalo en calquera momento.

No caso de que aínda non se realizara o curso de formación integral e/ ou complementaria, a persoa interesada deberá cubrir a declaración responsable na que se compromete á súa realización que figura no anexo I.

b) Certificado ou informe médico oficial acreditativo das condicións de saúde. No caso de cooperativas de traballo asociado, esta documentación deberá estar referida á/s persoa/s socia/s que desenvolvan o proxecto.

c) Documentación acreditativa da constitución da cooperativa de traballo asociado ou no caso de ter iniciados os trámites para a súa constitución que comprenderá os estatutos, solicitude de cualificación previa dos mesmos ou solicitude de inscrición no Rexistro de Sociedades Cooperativas.

d) Memoria descritiva na que se recolla a localización xeográfica do proxecto e o número potencial de persoas maiores usuarias e se xustifique a súa necesidade e oportunidade, apoiada na análise da contorna e nos datos oficiais de poboación publicados polo Instituto Galego de Estatística nos últimos tres anos.

e) Proposta metodolóxica básica, asinada pola persoa promotora ou a persoa socia que desenvolva o proxecto, no caso de cooperativas de traballo asociado, que permita coñecer os aspectos xerais de funcionamento e organización da casa do maior así como os elementos esenciais do desenvolvemento da actividade e que, en todo caso, deberá comprender como contido, o ingreso, a acollida e o período de adaptación, a participación das familias, as

relacións coa comunidade, a alimentación, a hixiene, os hábitos de autonomía persoal e a programación xeral dunha xornada. A proposta metodolóxica recollerá protocolos básicos de actuación con persoas maiores incluíndo o protocolo de caídas, de hixiene persoal, da atención e coidados, das suxestións e reclamacións.

f) Descrición do equipamento e materiais que se empregarán no desenvolvemento do proxecto que comprenderá as características e a composición de todos os elementos recollidos na letra c) do artigo 4.1. Incluirase o mobiliario, electrodomésticos e materiais didácticos ou de estimulación cognitiva que se vaian empregar no desenvolvemento do proxecto indicando se son, ou non, de nova adquisición.

g) Memoria descritiva do inmovible cos planos a escala e acoutados do estado actual do mesmo acompañados de fotografías de todas as estancias coa proposta das adaptacións e/ou obras de reforma que se realizarán, de ser o caso, en cada unha delas. De realizárense obras, deberanse achegar os planos a escala representativos do estado reformado.

No caso de que nun mesmo inmovible se pretenda a instalación de dúas casas do maior, de conformidade co artigo 4.1, deberán quedar claramente diferenciados os espazos destinados a cada unha das casas, delimitando os espazos propios dos espazos compartidos.

h) Orzamento desagregado dos gastos de investimento segundo o establecido no anexo II.

i) Documentación acreditativa referida á persoa solicitante promotora da casa do maior, de ser vítima de violencia de xénero e/ou certificado de discapacidade no caso de que sexa emitido por outras administracións distintas da Xunta de Galicia, de ser o caso, a efectos da valoración dos criterios establecidos no artigo 14.

No caso de cooperativas de traballo asociado, esta documentación deberá estar referida á/s persoa/s socia/s que desenvolvan o proxecto.

j) Anexo III, comprobación de datos de terceiras persoas interesadas, cuberto cos datos da persoa socia que vaia desenvolver o proxecto, no suposto de tratarse de cooperativas de traballo asociado.

k) Documentación acreditativa da dispoñibilidade do inmovible durante o período subvencionado, como a escritura de propiedade, o contrato de arrendamento ou o documento de cesión.

l) Certificado de manipulador de alimentos. No caso de cooperativas de traballo asociado,

esta documentación deberá estar referida á/s persoa/s socia/s que desenvolvan o proxecto.

m) Informe dos servizos técnicos municipais de que o inmovible proposto conta coas condicións de habitabilidade necesarias para o seu uso como vivenda. No suposto de inmovibles non destinados a vivenda o informe anterior substituirase pola documentación técnica elaborada por un profesional con titulación habilitante que, co alcance e definición requiridos polo Código Técnico da Edificación (CTE), acredite o cumprimento da normativa que sexa de aplicación. No caso de ter que realizar obras de adaptación ou reforma o informe terá que acreditar as condicións referidas con posterioridade á súa realización.

n) Fotografías das adaptacións realizadas no inmovible para o desenvolvemento do proxecto de casa do maior.

ñ) Datos de identificación da persoa que se encargará de substituír á persoa promotora autónoma ou á persoa socia da cooperativa de traballo asociado que desenvolva o proxecto, de ser o caso, nos supostos de enfermidade ou ausencia temporal, así como copia da documentación recollida no artigo 4.1 a).

o) Alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda, de ser o caso.

p) Plan de actuación en caso de emerxencia.

q) Xustificante de contratar unha póliza de seguro por un importe mínimo de 15.000 euros, que garanta a cobertura das continxencias de responsabilidade civil, danos a terceiras persoas e accidentes que puidesen xerarse por feitos ou circunstancias ocorridos como consecuencia da súa estadía na casa do maior ou das actividades propias do servizo prestado que se realicen no exterior.

r) Alta na Seguridade Social no réxime especial de autónomos da persoa solicitante e da persoa que vaia desenvolver a actividade no caso de cooperativas de traballo asociado.

2. A documentación prevista nas letras k) a r) do número 1 poderá presentarse ben no momento da solicitude co anexo I, ben no prazo de dous meses desde a publicación da resolución de concesión, xunto co anexo IV.

3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os

ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta nas plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa solicitante, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) Documento nacional de identidade (DNI) ou número de identidade de estranxeiro/a (NIE) da persoa solicitante, persoa representante e da persoa socia que desenvolverá a actividade

no caso de cooperativas de traballo asociado.

b) Número de identificación fiscal (NIF) da cooperativa de traballo asociado promotora da casa do maior.

c) Certificado de estar ao día no cumprimento de obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), certificado de fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago ningunha outra débeda, por calquera concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, da persoa ou entidade solicitante e da persoa que desenvolverá a actividade.

d) Inhabilitacións vixentes para obter subvencións da persoa ou entidade solicitante e da persoa que desenvolverá a actividade rexistradas na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) no período solicitado.

e) Consulta de subvencións e axudas públicas afectadas pola regra *minimis* da persoa solicitante e da persoa socia que desenvolverá a actividade no suposto de cooperativas de traballo asociado.

f) Alta no imposto de actividades económicas, respecto da persoa ou entidade solicitante.

g) Títulos oficiais universitarios e títulos oficiais non universitarios mencionados no artigo 4.1.a) da persoa solicitante ou da persoa socia da cooperativa de traballo asociado que desenvolva o proxecto, no suposto de cooperativas de traballo asociado.

h) Consulta de datos de residencia, con data de última variación padroal, da persoa solicitante ou da persoa socia da cooperativa de traballo asociado que vai a desenvolver o proxecto no suposto de cooperativas de traballo asociado.

i) Estar inscrita como demandante de emprego a data concreta da persoa solicitante ou da persoa socia da cooperativa de traballo asociado que vai desenvolver o proxecto.

j) Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o certificado de discapacidade expedido pola Xunta de Galicia, con respecto á persoa solicitante ou á persoa socia da cooperativa de traballo asociado que vai desenvolver o proxecto.

k) Comprobación de subvencións e axudas públicas concedidas á persoa solicitante e á persoa socia da cooperativa de traballo que vai desenvolver o proxecto.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta Cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 13. Comisión de valoración

1. Conforme ao establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, constituirase como órgano colexiado unha comisión de valoración que de acordo cos criterios de baremación de solicitudes establecidos, realizará a selección e emitirá o correspondente informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada, indicando a puntuación e a axuda aplicable en cada caso.

2. A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no relativo aos órganos colexiados, e estará integrada polos seguintes membros:

a) A persoa titular da subdirección xeral competente para a regulación e execución dos sistemas de acceso e admisión nos centros e servizos para as persoas en situación de dependencia, que actuará como presidente/a. Se, por calquera causa, a persoa titular da presidencia non puidese asistir cando a comisión de valoración se reúna para o exame das solicitudes, será substituída pola persoa funcionaria designada a estes efectos pola persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria.

b) A persoa titular do servizo competente en materia de tramitación e seguimento da admisión en centros e servizos para as persoas maiores en situación de dependencia.

c) Unha persoa funcionaria designada pola persoa titular da presidencia, que actuará como

secretario/a.

Se, por calquera causa, as persoas que compoñen a Comisión de Valoración, agás a persoa que ocupe a presidencia, non puidesen asistir cando esta se reúna para o exame das solicitudes, serán substituídas pola/o funcionario/a designado a estes efectos pola persoa que exerza a presidencia.

3. O órgano instrutor, por solicitude da comisión de valoración e motivadamente, poderá requirir das persoas solicitantes das axudas a información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

4. A avaliación realizarase segundo os últimos datos oficiais publicados polo Instituto Galego de Estatística e do que resulte da documentación presentada coa solicitude ou obtida de oficio polo órgano instrutor respecto das circunstancias recollidas no artigo 14.

5. Nos casos de solicitudes con igualdade de puntuación, terase en conta, para os efectos de resolver o empate, a puntuación obtida criterio a criterio, seguindo a orde en que figuran relacionados, comezando polo primeiro, ata que se produza o desempate; no caso de se esgotaren os criterios e persistir o empate, a preferencia determinarase pola data e hora de presentación da solicitude.

6. Unha vez avaliados os expedientes e determinada a axuda que corresponde a cada proxecto, a comisión fixará o limiar mínimo de puntuación necesario para obter axuda, tendo en conta o crédito orzamentario e os topes xerais establecidos nestas bases. Este limiar mínimo será publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, emitirá un informe segundo o cal o órgano instrutor formulará a proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou denegación das subvencións solicitadas.

No informe da comisión de avaliación figurarán de maneira individualizada as solicitudes avaliadas para obter a axuda, con especificación da puntuación e o importe da concesión que corresponde a cada unha delas.

7. En primeira adxudicación, co obxecto de que esta iniciativa teña a maior cobertura posible no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, soamente se terán en conta as solicitudes para a posta en marcha de casas do maior en concellos nos que non estea en funcionamento ningunha. No suposto de haber máis dunha solicitude relativa a un mesmo

concello que alcance o limiar mínimo de puntuación necesario para obter axuda, en primeira adxudicación só se proporá unha por concello.

Unha vez atendidas as solicitudes referidas no parágrafo anterior, dentro das posibilidades orzamentarias, teranse en conta o resto de solicitudes que serán propostas para adxudicación de acordo coa puntuación e criterios establecidos no artigo 14.

No caso de solicitudes coa mesma puntuación, aplicaranse os seguintes criterios de desempate:

1º) Solicitud para un concello con maior número de persoas maiores susceptibles de ser persoas usuarias da casa do maior.

2º) Data e hora de presentación da solicitude.

8. Así mesmo, en relación ás solicitudes ás que lle falte documentación por tratarse da prevista no artigo 10.2 serán incluídas no informe para que o órgano instructor propoña a súa resolución de concesión condicionada ao cumprimento de todos os requisitos recollidos en dito artigo no prazo establecido.

9. Igualmente, en caso de existir solicitudes susceptibles de axuda pero que non se inclúen na proposta anterior por esgotarse o crédito dispoñible, quedarán en reserva para ser atendidas, de ser o caso, ben co crédito que quedara libre debido á renuncia de outros solicitantes, á modificación dos proxectos inicialmente subvencionados ou debido a que as persoas beneficiarias promotoras da casa do maior suxeitas á resolución condicionada non enviaran a documentación necesaria no prazo establecido, ben por incremento do crédito orzamentario destinado a esta subvención.

Para estes efectos, poderanse realizar sucesivas propostas de resolución ata o final do exercicio 2026 conforme ao sinalado neste artigo.

Artigo 14. *Criterios de valoración*

1. A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará ás mesmas outorgando un máximo de 100 puntos conforme aos seguintes criterios:

a) Darase preferencia para o establecemento de casas do maior naqueles concellos do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia nos que non exista, en funcionamento, ningún outro recurso común de atención ás persoas maiores considerando como tales as residencias, fogares residenciais, vivendas comunitarias e apartamentos tutelados. Este criterio valorarase

da seguinte forma:

1º. Onde non haxa ningún recurso: 20 puntos.

2º. Onde estea en funcionamento un recurso común de atención ás persoas maiores (residencias, fogares residenciais, vivendas comunitarias e apartamentos tutelados): 15 puntos.

b) Poboación do concello no que se establecerá a casa do maior segundo o último dato oficial publicado polo IGE, ata 60 puntos coa seguinte desagregación:

1º. Concellos cunha poboación entre 4.000 e 5.600 habitantes: 60 puntos.

2º Concellos cunha poboación entre 2.500 e 3.999 habitantes: 40 puntos.

3º. Concellos cunha poboación inferior a 2.500 habitantes: 20 puntos.

c) Contribución á integración laboral de persoas en situación de especial protección: paradas de longa duración; menores de 35 anos; maiores de 55 anos; persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 % sempre que esta sexa valorada como compatible co desempeño da actividade subvencionada polo órgano competente da Administración autonómica e mulleres vítimas de violencia de xénero, ata 20 puntos coa seguinte desagregación:

1º. Persoas paradas de longa duración: 5 puntos.

2º. Persoas menores de 35 anos: 5 puntos.

3º. Persoas de 55 ou máis anos: 5 puntos.

4º. Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %: 5 puntos.

5º. Mulleres vítimas de violencia de xénero: 5 puntos.

Para que sexan puntuables calquera destes criterios, deberán cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para os efectos de baremación deste criterio, considéranse persoas paradas de longa duración aquelas inscritas de forma ininterrompida durante 12 ou máis meses, na oficina de emprego como demandante de emprego na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Respecto da demanda de emprego, considerátese interrompida se se traballou

durante un período acumulado de 90 ou máis días nos 365 anteriores á data de presentación da solicitude.

d) No caso de cooperativas de traballo asociado, as situacións recollidas na letra c) deberán estar referidas ás persoas sociais que vaian a desenvolver o proxecto.

Artigo 15. *Instrución*

1. A instrución do procedemento regulado nesta orde correspóndelle á Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna de Maiores e levarase a cabo conforme ao estipulado no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se deben formular as propostas de resolución, e poderalle requirir á persoa solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Os expedientes que, tras o trámite de emenda, non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou, de ser o caso, non a presenten nos modelos normalizados quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de desestamento da solicitude na cal se indicarán as causas desta.

En todo caso, non se admitirán a trámite, e ditarase a resolución de inadmisión e procederase ao arquivo das solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na convocatoria.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, correspóndelle ao órgano instrutor:

a) Solicitar un informe da unidade competente en materia de xestión, planificación, coordinación e supervisión do conxunto de actuacións da Consellería de Política Social e Igualdade en materia de benestar destinada á atención das persoas maiores, a efectos de comprobar a existencia dalgún dos recursos especificados no artigo 14.1. 1º, así como de centros de día e centros de día de alzhéimer en funcionamento nos concellos afectados.

b) Remitir as solicitudes recibidas á comisión de avaliación prevista no artigo 13.

c) Formular a proposta de resolución de concesión das axudas de conformidade cos informes emitidos pola comisión de avaliación prevista no artigo 13 que recollerá a orde de

puntuación e o importe da axuda que corresponda a cada persoa solicitante ata esgotar o crédito dispoñible.

d) Formular a proposta de resolución de denegación das axudas, inadmisión das solicitudes e de declaración ou aceptación de desistencia do procedemento, con indicación das circunstancias que concorran.

e) Formular a proposta de revogación da resolución de concesión nos supostos de resolución condicionada previstos no artigo 13.8, unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 4.2, desde a súa notificación, sen recibir a documentación pendente, ou se é recibida, non acredita o cumprimento de todos os requisitos establecidos nesta convocatoria.

Artigo 16. *Resolución*

1. A resolución de concesión das subvencións tras a fiscalización das propostas do órgano instructor, corresponde á persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria que resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade.

Con anterioridade a ditarse a resolución de concesión deberá quedar acreditado que a persoa beneficiaria está ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O prazo para resolver será de catro meses, que se computará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo concluirá no mesmo día no que se realizou a publicación, de non haber día equivalente, entenderase que expira o último día do mes.

Transcorrido devandito prazo sen que recaese resolución expresa, entenderanse desestimadas.

3. A resolución de concesión comprenderá a identificación da persoa beneficiaria e as obrigas que lle corresponden e a contía da subvención.

4. Nos supostos de resolución condicionada recollerase expresamente esta circunstancia, indicando os requisitos de entre os previstos no artigo 4.2 que deben cumprirse para que esta teña efectos e o prazo establecido para o seu cumprimento.

Artigo 17. *Publicación dos actos e notificacións*

1. Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os actos administrativos de requirimento de emenda de documentación así como a correspondente resolución.

Serán igualmente obxecto de publicidade a través do Portal do Benestar da Consellería de Política Social e Igualdade (<https://politicasocial.xunta.gal>).

Así mesmo, de forma complementaria poderase efectuar a notificación de todos os actos administrativos de acordo co reflectido nos números seguintes.

2. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

4. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

5. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento

administrativo común.

Artigo 18. *Réxime de recursos*

1. As resolucións ditadas neste procedemento esgotan a vía administrativa e poderán ser recorridas potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as ditou ou ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativo, de conformidade co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

En todo caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

2. O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación, se o acto fóra expreso. Se o acto non fóra expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, tal e como establece o artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. De conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, procederá a impugnación directa ante o Tribunal Superior de Xustiza, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da súa publicación se o acto é expreso e, de seis meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 19. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 20. *Xustificación da subvención*

1. Para xustificar os gastos de investimento que comprendan as actuacións realizadas no 2026 presentarse, con data límite do 11 de decembro de 2026, xunto coa solicitude de pagamento (Anexo V) unha memoria económica que recolla a seguinte documentación:

a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos realizados, con indicación da persoa

acredora e do documento, importe, data de emisión e data de pago. No caso de que existan desviacións respecto ao presuposto achegado indicaranse e xustificaranse, pola persoa beneficiaria promotora da casa do maior, as desviacións producidas.

b) Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente do total dos gastos de investimento realizados xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pago. De acordo co artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique este mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola persoa beneficiaria. As facturas dos gastos de investimento presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos formais:

1º) A copia de cada factura deberá ter unha explicación detallada do gasto en relación coa acción subvencionada, así como o prezo unitario.

2º) Conterán os datos identificativos de quen a expide (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e dirección) así como do/da destinatario/a, que deberá ser a persoa beneficiaria promotora da casa do maior.

3º) Incluirán o IVE correspondente ou o imposto equivalente. Cando a cota se repercute dentro do prezo, deberá indicarse "IVE incluído", así como o lugar e a data.

4º) Xuntarase o comprobante bancario do seu pagamento.

Se a transferencia engloba varias facturas, presentarase a relación destas. Non se admitirán xustificantes de abono en metálico. Os pagamentos mediante transferencia bancaria, salvo que sexan telemáticos, deberán vir conformados ou verificados pola entidade bancaria. Para o caso de pagos realizados mediante tarxeta de crédito ou débito, esta deberá estar asociada á conta da persoa beneficiaria.

Para os efectos desta orde, os gastos de investimento teñen que corresponder a gastos derivados da realización do proxecto subvencionable, adecuados aos obxectivos da medida a que pertence a actuación, ser verificable documentalmente a súa realización e ser realizados e efectivamente pagados dentro do período establecido no artigo 5.4.

c) No seu caso, unha relación detallada de outras subvencións que financiaran a mesma actividade con indicación do importe e procedencia.

d) No seu caso, copia das ofertas contempladas no artigo 5.7.

2. A xustificación da axuda concedida no 2026 para o funcionamento do proxecto a través da prima de desenvolvemento correspondentes aos oito últimos días do mes de decembro da referida anualidade presentarase con data límite do 4 de xaneiro de 2027. Na anualidade 2027, que abrangará dende o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro, presentarase con data límite do 7 de decembro de 2027.

Con cada solicitude de pagamento (anexo V) as persoas beneficiarias promotoras da casa do maior deberán presentar os rexistros mensuais de asistencia asinados pola/s persoa/s responsable/s do desenvolvemento da casa do maior e polas persoas usuarias ou, de ser o caso, titores ou representantes legais dos maiores que acudan á casa do maior (anexo VI).

Así mesmo, para xustificar a axuda destinada a cubrir o servizo de desprazamento deberán achegarse os rexistros mensuais deste servizo asinados pola/s persoa/s responsables do desenvolvemento da casa do maior e polas persoas usuarias ou, de ser o caso, titores ou representantes legais dos maiores que acudan á casa do maior (anexo VII).

Para xustificar o servizo de manutención, deberán achegarse os rexistros mensuais deste servizo asinados pola/s persoa/s responsable/s do desenvolvemento da casa do maior e polas persoas usuarias ou, de ser o caso, titores ou representantes legais dos maiores que acudan á casa do maior (anexo VIII).

3 . Para xustificar a axuda nos casos de baixa por maternidade ou permiso de paternidade da persoa responsable do desenvolvemento da actividade presentaranse os seguintes documentos:

a) Anexo V.

b) Parte de baixa de maternidade ou permiso de paternidade.

4. Para xustificar a axuda nos casos de baixa de longa duración do artigo 6 letra e) presentaranse os seguintes documentos:

a) Anexo V.

b) Partes de baixa.

5. Adicionalmente na xustificación final referida á axuda ao desenvolvemento do proxecto presentarase a seguinte documentación:

a) Memoria de actuación onde consten todas as prestacións realizadas ás persoas maiores, asinada polo persoa responsable do desenvolvemento do proxecto.

b) Acreditación documental, material e/ou gráfica a través de fotografías, copias, capturas de pantalla ou similar, do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

c) Rexistros mensuais de asistencia, servizo de desprazamento e /ou manutención asinados pola persoa responsable do desenvolvemento da casa do maior e polas persoas usuarias ou titores ou representantes legais, non achegados con anterioridade.

6. No caso de que a xustificación da axuda ao investimento e/ou ao desenvolvemento do proxecto sexa incorrecta e/ou incompleta, requirirase á persoa beneficiaria para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días hábiles, advertíndolle que, de non facelo, decaerá o dereito á subvención e procederase, tras a resolución ditada conforme ao establecido no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, á revogación da axuda e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á esixencia dos intereses de demora.

Artigo 21. *Pagamento*

1. De xeito específico, as persoas beneficiarias poderán solicitar para gastos de investimento un pagamento de ata o 80 % da cantidade da subvención concedida en concepto de pagamento anticipado, con anterioridade á xustificación da axuda, que se fará efectivo a partir da notificación da concesión da subvención e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

O pagamento do importe restante que corresponda ata completar a totalidade dos gastos que teñan a condición de subvencionables realizarase tras a xustificación total do investimento sempre que se teña efectuada a xustificación documental.

2. Na anualidade 2026, o pagamento da achega económica en forma de prima polo desenvolvemento do proxecto correspondente aos oito últimos días do mes de decembro realizarase tras o cumprimento de todos os requisitos e condicións previstos nesta orde nos supostos de concesión condicionada e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

As persoas beneficiarias percibirán con anterioridade á xustificación da axuda, un

pagamento de ata o 100% da cantidade da subvención que lles corresponda pola atención relativa a dita anualidade en concepto de pagamento anticipado que se fará efectivo no momento da acreditación de todos os requisitos e condicións previstos nesta orde nos supostos de concesión condicionada.

Na anualidade 2027, unha vez xustificada a anualidade 2026 e se abra contablemente o correspondente exercicio orzamentario, realizarase un pagamento anticipado de ata o 80 % da subvención que corresponda por este concepto.

O importe restante que corresponda para completar o pagamento realizarase tras a xustificación definitiva da subvención.

En todo caso, nesta anualidade deberá presentarse a solicitude de pagamento relativa ás actuacións realizadas no 2027 con data límite 7 de decembro de 2027.

3. En relación ao pagamento da axuda destinada a cubrir o desprazamento das persoas usuarias levarase a cabo previa solicitude da persoa beneficiaria da subvención, promotora da casa do maior, unha vez xustificado o número efectivo de usuarios/as e días de servizo.

Neste caso, a solicitude da persoa beneficiaria, realizaranse pagamentos a conta da liquidación definitiva cuxo importe total non poderá superar o 90% da contía anual da subvención concedida, achegando ao efecto o anexo V e o anexo VII.

4. En relación ao pagamento do complemento nos casos de baixa por maternidade ou permiso de paternidade da persoa responsable do desenvolvemento da actividade aboarase mensualmente previa solicitude da persoa interesada, achegando a documentación xustificativa prevista no artigo 20.3.

5. En relación ao pagamento do complemento nos casos de baixa de longa duración previstas no artigo 6 e) da persoa responsable do desenvolvemento do proxecto, aboarase nun único pago, unha vez finalizado o período de baixa ou transcorridas as seis primeiras semanas da baixa, previa solicitude da persoa interesada achegando a documentación xustificativa prevista no artigo 20.4.

6. Antes de proceder ao pagamento de cada liquidación final, o órgano xestor incorporará ao expediente a acreditación de que as persoas beneficiarias das subvencións están ao día nas obrigacións tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non

teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

7. Atendendo á natureza da actividade a desenvolver, para a resolución de concesión dos anticipos e pagamento á conta da liquidación efectiva previstos nesta orde, non será preciso a constitución de garantías de conformidade co artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 22. Obrigas das persoas beneficiarias da subvención

1. De conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable, as persoas beneficiarias destas axudas están obrigadas a:

a) Executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano que a concede, sen prexuízo da facultade da Consellería de Política Social e Igualdade de comprobar a realización material das actuacións.

b) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control. Deberán igualmente conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control de acordo coa lexislación vixente.

c) Levar un rexistro de persoas usuarias en soporte papel ou electrónico, onde consten os datos de identidade das persoas maiores que se atenden, dos seus titores ou representantes legais, no seu caso, así como o día e o horario de atención e as autorizacións para a administración de medicamentos, de ser o caso.

d) Levar un rexistro das persoas usuarias en soporte papel ou electrónico onde consten os datos de identidade dos usuarios e usuarias, ou dos seus titores ou representantes legais de ser o caso, que fagan uso do servizo de comidas.

e) Levar un rexistro mensual das persoas usuarias do servizo de desprazamento onde consten os datos de identidade das persoas maiores que fagan uso do mesmo, ou dos seus titores ou representantes legais de ser o caso, así como o número de días de utilización do servizo no caso de que a persoa promotora se comprometa a asumir o desprazamento das persoas usuarias.

f) Cumprir con todas as obrigas derivadas da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, debendo recadar os consentimentos necesarios para o tratamento dos datos de carácter persoal que manexen no desenvolvemento do proxecto.

g) Efectuar a xustificación para a percepción da axuda conforme ao establecido nesta orde.

h) Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar toda a información requirida pola Consellería de Política Social e Igualdade así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas, o Tribunal de Contas, e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

i) Comunicarlle ao órgano convocante a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

j) Contratar un seguro que cubra as continxencias de responsabilidade civil, danos a terceiras persoas e accidentes durante o desenvolvemento da actividade subvencionada.

k) Poñer en coñecemento do órgano convocante todas as situacións que dean lugar á substitución da persoa titular do servizo con anterioridade a que se produza, sempre que non sexa debida a unha situación imprevista, ou no prazo de dez días desde que se produza no resto dos casos. Nestes supostos deberase acompañar a documentación xustificativa do contrato laboral e a alta na Seguridade Social, así como o certificado médico oficial das condicións de saúde da persoa substituta.

l) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, estar ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Cando as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instrutor, segundo o artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, desen como resultado que a persoa solicitante ou a persoa encargada do desenvolvemento da actividade ten débedas ou obrigas con algunha destas administracións, será requirida para que regularice a situación e presente por si mesma os correspondentes certificados.

m) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

n) Todas aquelas obrigas e requisitos que se desprendan do articulado desta orde e dos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e da súa normativa de desenvolvemento.

ñ) Acreditar as revisións médicas anuais co correspondente certificado médico oficial.

2. As persoas beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren, o financiamento con fondos da Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social e Igualdade. Para iso, no lugar onde se desenvolva o proxecto deberá figurar, nun lugar destacado e visible, un cartel informativo dun tamaño mínimo A3 no que aparezan os anagramas da Consellería de Política Social e Igualdade.

Cando a casa do maior se publicite nun sitio da internet, as citadas referencias deberán realizarse en lugar visible na súa páxina de inicio; no suposto de facer uso de aplicacións informáticas, deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como no epígrafe de información da aplicación («axuda», «acerca de» ou similares); así mesmo, cando se elaboren materiais divulgativos da casa do maior (cadernos, folletos, notas informativas) deberán constar na contraportada das devanditas publicacións as citadas referencias.

3. Sen prexuízo das obrigas establecidas nos números 1 e 2 as persoas beneficiarias das axudas estarán obrigadas a:

a) Ter unha permanencia mínima ininterrompida na actividade e manter as infraestruturas e equipamentos subvencionadas destinadas ao fin concreto para o que se concedeu a subvención por un período non inferior ao establecido no artigo 2.8 tal como recolle o artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño. O incumprimento deste requisito dará lugar á revogación da subvención, co reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora legalmente establecidos desde o momento do pagamento da subvención.

b) Acreditar a certificación de manipulador de alimentos.

Artigo 23. Incumprimento, revogación e reintegro de axudas

1. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida, calquera incumprimento das obrigas previstas no artigo 22, e concretamente:

a) O incumprimento da finalidade ou do obxectivo para o que se concedeu a subvención ou a obriga de xustificar a realización da actuación e a non permanencia mínima da actividade subvencionada.

b) A obtención da subvención sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para iso ou ocultación daquelas que o impedisen.

c) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, ou incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos.

2. Para os efectos desta orde, consideraranse supostos de reintegro parcial:

a) Non manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas e os investimentos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os fondos financiados que supoñerá unha perda do 2% da subvención concedida.

b) Non dar publicidade ao financiamento dos investimentos obxecto de subvención, de acordo co establecido no artigo 22.2, que supoñerá a perda dun 2% da subvención concedida.

c) Non comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, que supoñerá a perda dun 5% da axuda concedida. Esta porcentaxe do 5% aplicarase unha vez descontado o exceso obtido sobre a contía da subvención concedida ao abeiro desta orde.

d) Non manter os investimentos obxecto da subvención durante o período establecido, o que supoñerá un reintegro da subvención correspondente ao activo non mantido, de forma proporcional ao período en que se incumpriu este requisito.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refiren os números anteriores, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

4. Con anterioridade ao requirimento previo da Administración, as persoas beneficiarias poderán realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia ES8220800300873110063172, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os intereses de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 24. Infraccións e sancións

Ás persoas beneficiarias das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 25. Control e verificación

Todas as axudas concedidas ao amparo desta orde estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento; ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 26. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a fornecer á Administración, ao organismo ou á entidade previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigacións previstas no Título I da citada lei.

Artigo 27. Información ás persoas interesadas

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na dirección <https://sede.xunta.gal>, na Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria- Servizo de Recursos Comúns, a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>, ou do teléfono 012.

Disposición adicional primeira. *Usuarios/as da Casa do Maior*

1. Usuarios/as

Poderán acceder a este recurso as persoas maiores de 60 anos empadroadas no concello onde se localice a casa do maior ou nun limítrofe no que non exista centro de atención diúrna autorizado, e que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Persoas en situación de dependencia grao I ou que tras a valoración polo órgano competente do sistema galego de atención á dependencia, non alcancen recoñecemento de grao de dependencia (persoas sen grao).
- Persoas que tendo presentada a solicitude de recoñecemento da situación de dependencia e estando esta pendente de resolución, se estime que contan cun alto grao de autonomía ou dependencia leve (grao I), polo sistema de libre concorrência.

Non poderán ser persoas usuarias aquelas persoas que precisen de atención e coidados sanitarios continuados, nin sufran enfermidades infecto-contaxiosa en fase activa sen tratamento efectivo instaurado, trastornos aditivos que precisen dun tratamento de deshabitación ou trastornos condutuais severos que impidan a normal convivencia na casa.

2. Asignación e ingreso no servizo

As persoas que xestionen Casas do Maior deberán comunicar ao departamento territorial correspondente todas aquelas prazas que se atopen vacantes e dispoñibles para a súa cobertura no prazo máximo de 5 días hábiles desde que aquelas adquirisen tal condición.

A asignación de prazas correspóndelle ao departamento territorial competente, de conformidade co establecido na Lei 13/2008, do 3 decembro, de servizos sociais de Galicia e no Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regulan o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, seguindo o procedemento ordinario, de acordo coa seguinte priorización:

1º) As persoas que teñan recoñecida unha situación de dependencia en grao I, ás que lle será de aplicación o establecido nos artigos 29 e 30 do Decreto 142/2023, do 21 de setembro.

2ª) As persoas que xa foran valoradas polo sistema de atención á dependencia non acadaran grao de dependencia (sen grao).

No caso de existir prazas vacantes dispoñibles na Casa do Maior, non existindo persoas en lista de agarda para a súa asignación polo procedemento ordinario, poderán acceder polo sistema de libre concorrancia as persoas que tendo solicitado o recoñecemento da situación de dependencia aínda non contan cunha valoración de grao sempre que se estime que, de acordo coa documentación achegada, contan cun alto grao de autonomía ou aquelas que, xa estando valoradas polo sistema de atención á dependencia (grao I ou sen grao), tiveran solicitada a revisión do seu programa individual de atención para o acceso á Casa do Maior pendente de resolución.

Neste caso, procederase conforme ao seguinte procedemento:

1º A persoa interesada ou a persoa que exerza a súa representación tramitará a solicitude inicial de valoración da dependencia ou revisión do seu programa individual de atención solicitando o acceso ao recurso casa do maior.

2º A persoa promotora da casa do maior consultará ao correspondente departamento territorial por correo electrónico que non hai no Programa de Asignación de Recursos persoas en lista de agarda para a casa do maior, e que por tanto hai dispoñibilidade de prazas.

3º Unha vez constatado que non existen persoas en lista de agarda, a persoa promotora da casa do maior tramitará ante a Subdirección xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna de Maiores da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria a autorización de cobertura de praza a través da sede electrónica, procedemento BS212A, mediante a presentación do modelo de solicitude, acompañado dunha copia da solicitude de recoñecemento da dependencia ou solicitude revisión do programa individual de atención no que se indique como recurso a asignar a casa do maior.

No caso de que o órgano competente estimase preciso información complementaria, poderá solicitarse aos servizos sociais comunitarios do concello de residencia da persoa interesada e/ou órganos competentes do departamento territorial.

A cobertura de praza por persoas polo sistema de libre concorrancia será autorizada pola Subdirección xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna de Maiores da Dirección Xeral

de Maiores e Atención Sociosanitaria e comunicada tanto á persoa promotora da casa do maior coma ao órgano competente do departamento territorial.

4º. Recibida a autorización da cobertura da praza, a persoa promotora da casa do maior nun prazo máximo de cinco días porase en contacto coa persoa beneficiaria, co fin de acordar o ingreso efectivo. O contacto coa persoa beneficiaria poderá realizarse por calquera medio que permita ter constancia da súa realización.

5º. Realizado o ingreso efectivo, persoa promotora da casa do maior no prazo de dous días hábiles deberá comunicar ao órgano competente do departamento territorial a data en que aquel tivo lugar, acompañando a documentación acreditativa.

Unha vez autorizada a cobertura de vacante continuarase coa tramitación do procedemento ordinario ata a súa asignación definitiva polo departamento territorial correspondente.

Disposición adicional segunda. *Base de datos nacional de subvencións*

A consellería transmitirá á Base de Datos Nacional de Subvencións a información necesaria de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición adicional terceira. *Delegación de competencias*

Autorízase expresamente á persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria para actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamentos, en relación co disposto no artigo 73 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para ditar instrucións*

Facúltase á persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións precisas para o desenvolvemento desta convocatoria, as cales serán obxecto de publicación no portal de Benestar.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2026

Fabiola García Martínez

Conselleira de Política Social e Igualdade

Insírase

A Secretaria Xeral Técnica

M^a Francisca Gómez Santos